

O gañador do Premio Blanco

Amor presenta a súa ópera prima sobre a familia

REDACCIÓN/LA VOZ. O gañador da última edición do Premio Blanco Amor, Iván García Campos, presentou na tarde de onte no Kiosco Alfonso, da Coruña, a súa novela *O imposible de desatar*, ópera prima na que narra a historia dunha familia ao longo dunha semana e as tensións que se producen no seu seno. O autor salientou que se trata dunha novela «sobre os individuos e como o comportamento destes cambia segundo as circunstancias».

Con respecto á forma, a obra foi escrita cun discurso fragmentado que guía ao lector do principio ao fin da novela. O autor explicou que a súa intención era deixar ao lector a «capacidade de recompoñer a historia e sacar as súas conclusións».

O libro foi presentado por Carlos Lema, director da editorial Galaxia, quen dixo que se trata dunha novela sobre a familia, «que é case un xénero literario en si mesmo», e polo xornalista e escritor Camilo Franco, quen salientou da obra a súa «maneira nova de contar a realidade».